

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: LU00503:12
SITUACIÓN: CZ. DAS GANDARAS N°34-3°C - LUGO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo de data 24 de novembro de 2010 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública, expediente LU00503:12, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes, na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición, no prazo de 15 días, dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites polo que a vivenda continuou publicitada de maneira permanente na páxina web do IGVS para xeral coñecemento.

O 10 de marzo de 2014, dona TERESA FERREIRO LEIRAS, inscrita no rexistro co número de credencial 66718, solicita a adxudicación directa de dita vivenda . Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para poder acceder a unha vivenda de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións, o xefe territorial da en Lugo

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a don/a TERESA FERREIRO LEIRAS, credencial 66718.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Lugo, 20 de marzo de 2014.

O xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas

Carlos Vila Pérez